

Frondda


Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

Ano 1.

Nº. 4

Setembro 2006

D.L. Ou.-67/2006



O foro na Galicia (II) da Idade Moderna



O documento: o Tombo dourado de Melón

[S. XVIII. Sta. María de Melón]

Tombo dourado universal do Mosteiro de Sta. M^a de Melón, composto por frei Baltasar González.

Orixinal; papel; escritura humanística; castelán; 253 h.; 420 x 280 mm.; M

Iniciado en 1703; Contén títulos de letra miniada e iniciais caligráficas; Restaurado en 1954

AHPOu, Fondo Mosteiro de Sta. M^a de Melón, L - 340

Continuando a serie iniciada no número anterior, abórdase agora o foro na Idade Moderna a partir dun cartulario como o *Tombo dourado de Melón*. Os **cartularios**, chamados tombos en Galicia e León, e becerros en Castela e Navarra, son unha tipoloxía documental moi característica dos arquivos das catedrais, mosteiros e conventos durante as Idades Media e Moderna. Trátase de libros nos que se copiaban os documentos que acreditaban dereitos, propiedades, privilexios, etc. Pódese tratar de copias do texto íntegro do documento, con ou sen autenticación notarial, ou sinxelamente extractos do contido do documento, con indicación do lugar onde se atopa o orixinal, como adoita ocorrer no caso dos contratos forais. Isto facilitaba a rápida localización dos orixinais e salvagardaba o seu contido en caso de extravío. Dado que son libros de grandes dimensións, gardábanse en

posición horizontal, tombados, de onde lles ven o nome de tombos.

O **tombo dourado de Melón** é un dos documentos máis vistosos e prezados do AHPOu pola súa cuidada grafía e ornamentación caligráfica. En 1809 foi esnaquizado polas tropas napoleónicas coa participación dos naturais do país. Este tipo de atentados á documentación foron habituais durante a Guerra da Independencia (1808-1814) e reproducían unha actitude xeneralizada durante a Revolución Francesa que tiña por finalidade borrar os testemuños documentais dos dereitos dos grupos sociais privilexiados do Antigo Réxime (nobreza e clero): destruído este tomo e os orixinais dos foros conservados no arquivo do mosteiro, os monxes non terían base documental para esixir, entre outras cousas, o cobro das rendas forais, o que explica o interese dos labregos en destruír o tomo.



A “época clásica” dos foros


No tránsito da Idade Media (ss. f. V- f. XV) á Idade Moderna (ss., f. XV-XVIII), o foro vai desprendéndose dos elementos máis feudalizantes (recoñecemento de vasalaxe, prestación de servizos persoais), ao tempo que reforza o seu carácter de **contrato de dereito privado**. Isto concide cunha etapa de fondas transformacións no xeito de organizar o reparto da terra entre os distintos grupos sociais de Galicia.

O resultado será o que se coñece como época clásica do “sistema foral” (s. XVI ata mediados do século XVIII) e que se inscribe no período que abarca a **Idade Moderna**. Durante esta etapa o foro convértese nun contrato de tipoloxía estable e condicións de desfrute bastante uniformes (duración por tres xeracións ou por vida de tres reis, pago dunha renda fixa,...), reafirmándose con máis forza como peza clave na organización socioeconómica de Galicia.

A fidalguía entra en escea

A principios da Idade Moderna encaixou no engranaxe do “sistema foral” a fidalguía, un novo grupo social composto polos herdeiros de cregos, escudeiros, escribáns, etc. que, enriquecidos por diversas razóns, convertiran os seus patrimonios en morgados. Durante varios séculos, xunto coa xerarquía eclesiástica, foron a **elite política, económica e social de Galicia**, tras encher o baleiro deixado pola nobreza feudal, forzada a emigrar á Corte polos Reis Católicos.

Os fidalgos aproveitaron este feito e o proceso de reaxuste dos modos de explotación do patrimonio eclesiástico (iniciado coa reforma do clero dos Reis Católicos) para tomar en foro grandes extensións dos dominios dos mosteiros e da nobreza emigrada, e, a continuación, subaforalas aos campesiños. Co fin de obter un lucrativo beneficio desta **intermediación** entre mosteiros/nobreza e campesiñado, os fidalgos sobrecargaron abusivamente as rendas forais que pagaban os labregos, conseguindo percibir unha **substanciosa porción de renda**.



A polémica dos despojos e a perpetuación dos foros

Ante esta situación, pola que os intermediarios percibían moita máis porción de renda que os propios mosteiros, estes decidiron **non renovar os foros** aos fidalgos (“despoxo”), cando caducara o seu período de desfrute (tres voces o vida de tres reis) coa idea de ceder as terras directamente aos labregos a través de **arrendamentos** a curto prazo.

Como os fidalgos se vían “despoxados” dunha importante fonte de ingresos, activaron a mediados do século XVIII toda a súa capacidade de presión por distintas vías, presentándose como defensores dos intereses campesiños. Unha destas vías foi orquestrar unha campaña contra a postura dos mosteiros a través diversas publicacións. Os monxes, xunto ao conde de Altamira, respostaron do mesmo xeito dando lugar ao que se coñece como **“polémica dos despojos”**.

Pero a gran influencia social e política da fidalguía galega, levou a que Carlos III emitise en 1763 unha **Real Pragmática** na que ordeaba deter os despojos, e renovar automaticamente os contratos forais mentres non se dilucidara unha solución para este conflito. Posteriormente, a xurisprudencia de importantes tribunais galegos e casteláns favoreceu as pretensións da fidalguía apoiando a perpetuación desta situación, de xeito que esta prórroga indefinida no desfrute dos foros se mantivo ata a publicación en 1926 do **R. Decreto-Ley de Redención de foros**. Este decreto propiciou a desaparición da práctica totalidade dos contratos forais facilitando o acceso dos campesiños á propiedade plena da terra traballada durante séculos e mediante foro polos seus devanceiros.

